



11º EDICIÓN DO CONCURSO DE POESÍA 2024

ALBARIZA DE ARTES CONCELLO DE RIBEIRA



BASES

1. A organización deste concurso corresponde ao Centro Recreativo de Artes e o Concello de Ribeira a través da súa área de Cultura.
2. Poderán participar no concurso todas as persoas que presenten as súas obras en lingua galega. Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos en toda a súa extensión, sen sinatura nin sinal ningún que denuncie a súa procedencia.
3. O prazo de admisión de orixinais rematará o **21 de outubro do 2024, ás 15:00 horas**.
4. Os autores e as autoras só poderán presentar unha obra. A presentación de orixinais ao concurso efectuarase polos seguintes medios:
 - a. De xeito presencial ou por correo certificado, a portes pagados, ao enderezo CENTRO RECREATIVO E CULTURAL DE ARTES, Artes – Sego 15969 Ribeira, (A Coruña), indicando no sobre “Para o 11º Concurso de Poesía Albariza de Artes-Concello de Ribeira”, sempre que a devandita remisión se realice antes de finalizar o prazo indicado na base 3.
 - b. Correo electrónico en documento PDF, como arquivo adxunto, a: **centrorecreativoartes@gmail.com**, no que deberá facer constar (sempre en diferente arquivo que o da obra suxeita a concurso) os mesmos datos que se indican nas bases 5 e 6.
5. Os poemas deberán de ser orixinais e inéditos (non publicados en ningún medio físico ou electrónico), non ter sido premiados en calquera outro certame nin presentados a ningún outro concurso antes de facerse público a decisión do xurado desta convocatoria. Quen participe neste concurso achegará un escrito asinado no que se declare estes aspectos, indicando tamén que sobre esa obra non existe compromiso ningún e polo tanto posúe todos os dereitos.
6. Os orixinais non irán asinados, debendo presentarse por duplicado (facendo constar no encabezamento o título elixido) e achegaranse xunto cun sobre pechado, en cuxo exterior se fará constar o título da obra e a categoría na que participa. No interior do sobre depositarase o escrito sinalado na base 5 e unha nota na que se indique o nome e apelidos do/a autor/a, enderezo, teléfono, correo electrónico se o tivese, así como unha fotocopia do DNI; en caso de menores tamén deberá indicar o curso e centro educativo que corresponda.
7. Establécense as seguintes categorías e premios:

1ª Categoría: Autores/as de 9 a 11 anos.

Peza ou conxunto poético de vinte versos mínimo e trinta versos máximo.

Primeiro premio: Placa conmemorativa e vale para material deportivo ou escolar valorado en 150 € e publicación da obra.

Segundo premio: Placa conmemorativa e vale para material deportivo ou escolar valorado en 75 € e publicación da obra.

2ª Categoría: Autores/as de 12 a 14 anos.

Peza ou conxunto poético de vinte e cinco versos mínimo e cincuenta versos máximo.

Primeiro premio: Placa conmemorativa e vale para material deportivo ou escolar valorado en 150 € e publicación da obra.

Segundo premio: Placa conmemorativa e vale para material deportivo ou escolar valorado en 75 € e publicación da obra.

3ª Categoría: Autores/as de 15 a 17 anos.

Peza ou conxunto poético de cincuenta versos mínimo e cen versos máximo.

Primeiro premio: Placa conmemorativa e vale para material deportivo ou escolar valorado en 150 € e publicación da obra.

Segundo premio: Placa conmemorativa e vale para material deportivo ou escolar valorado en 75 € e publicación da obra.

4ª Categoría, para persoas adultas: Autores/as a partir de 18 anos.

Peza ou conxunto poético de cincuenta versos mínimo e cento cincuenta versos máximo.

Primeiro premio: Placa conmemorativa e premio en metálico de 250 € e publicación da obra.
A persoa que obteña o primeiro premio nesta categoría non poderá participar na seguinte edición e poderá formar parte do xurado da mesma si así o estima.

Segundo premio: Placa conmemorativa e premio en metálico de 75 € e publicación da obra.

Categoría especial para persoas maiores:

Poderán ser pezas poéticas dun mínimo de vinte e máximo de cincuenta versos ou traballos en prosa –lendas ou relatos– cunha extensión máxima dunha páxina Din A4 a letra T. New Roman 12.

Haberá tres mencións con placa conmemorativa de recoñecemento e publicación da obra.

8. Un xurado, designado para o efecto, valorará os traballos presentados e elixirá, de entre as poesías recibidas, unha preselección de cincuenta que son as que optarán aos premios finais; de consideralo, ademais dos premios poderá conceder accésit consistentes nunha placa conmemorativa e a publicación da obra.
9. A organización estará facultada para editar un libro cos poemas seleccionados. No caso de ser premiada a obra, o autor ou autora deberá entregar o seu texto en soporte informático, entenderase que renuncia aos dereitos desta primeira edición.
10. Os autores e as autoras que se seleccionen recibirán un exemplar da edición realizada, no seu caso, pola organización.
11. Unha vez finalizado o concurso, os traballos non seleccionados serán destruídos.
12. O xurado resérvase a facultade de declarar desertos os premios. A decisión do xurado será inapelable.
13. O xurado poderá resolver aquelas situacións non consideradas nas presentes bases, así como as dúbidas que se formulen sobre a súa interpretación.
14. A decisión do xurado darase a coñecer nun acto público o domingo 10 de novembro, ás 17:00 h, nos locais do Centro Recreativo e Cultural de Artes coa colaboración do Concello de Ribeira, haberá actuación musical a cargo da rondalla Os Trovadores de Ares; rematará cun pequeno ágape.
15. A participación neste concurso implica a íntegra aceptación das presentes Bases.

Artes, 23 de setembro de 2024.